



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN PARA CUBRIR OS POSTOS DA OFERTA COMPLEMENTARIA DE EMPREGO PÚBLICO DE PERSOAL LABORAL FIXO PARA O ANO 2008 DA GALESCOLA DE PONTECESO

De conformidade coa resolución da xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pola que se aproban as bases xerais que han de rexer o proceso de selección de persoal laboral fixo das galescolas do Consorcio (DOG nº 252, do 30 de decembro de 2008), convócase o proceso de selección para a contratación de persoal laboral fixo da galescola de Ponteceso.

Postos de traballo convocados:

Mestre/a	Educador/a	Persoal de servizos xerais
2	4	1

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2009
O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Lois Pérez Castrillo
(P.D. do Comité Directivo do 9/12/2008)



BASES ESPECÍFICAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO DA GALESCOLA DE PONTECESO

I.- Normas xerais

I.1. Obxecto

É obxecto da presente convocatoria a selección e contratación por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de persoal laboral fixo para os seguintes postos:

- Mestres/as
- Educadores/as
- Persoal de servizos xerais

I.2. Requisitos das persoas candidatas

I.2.1. Para a súa admisión á realización das probas selectivas, as/os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade: ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e as/os nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar as persoas que, sen estaren incluídas nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación de legalidade, por seren titulares dun documento que as habilite para residir e para poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia poderá participar quen se atope en situación de residencia temporal, en situación de residencia permanente, ou en situación para residir e traballar, así como as persoas refuxiadas.

b) Idade: cumprir os requisitos previstos para estes efectos no artigo 56.1.c) do Estatuto Básico do Empregado Público.

c) Titulación: estar en posesión do título ou estar en condicións de obter o título académico e os requisitos que se fixen para cada unha das categorías que figuran no anexo I, todo iso, sempre antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.



d) Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectada/o por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non estar separada/o do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitada/o por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. As/os aspirantes que non tiveren a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidas/os a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Lingua galega: acreditar o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 35 do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobada por Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo. A acreditación do coñecemento escrito da lingua galega farase por medio da presentación do certificado de iniciación ou de perfeccionamento de lingua galega ou equivalente, segundo se dispón no anexo I, ou, no caso de non o posuír, mediante a superación dunha proba consistente na tradución ou redacción dun texto en galego sobre un tema que determine previamente a Comisión. A non acreditación do coñecemento da lingua galega nos termos previstos nestas bases suporá o remate do proceso selectivo para o/a aspirante.

I.2.2. Reservarase o 7% das prazas convocadas para as persoas que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%. Esta reserva farase efectiva se o resultado de aplicar o 7% é igual ou superior a 0,50.

I.2.3. Todos os requisitos enumerados nestas bases deberán posuírse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante do proceso selectivo.

I.3. Solicitudes

I.3.1. As persoas que desexaren tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha instancia que deberá conter, cando menos, os datos que figuran no anexo III das presentes bases.

Xunto coa instancia deberase presentar a seguinte documentación:

a) Fotocopia simple do DNI ou do pasaporte.

As/os aspirantes estranxeiros que residan en España deberán, ademais, presentar unha fotocopia da tarxeta de residencia comunitaria ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se for o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de persoa traballadora comunitaria fronteiriza en vigor.

As/os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, quer por



residiren no estranxeiro quer por estaren en España en réxime de estadía, deberán presentar unha fotocopia do documento de identidade ou do pasaporte.

As persoas familiares das anteriores deberán presentar unha fotocopia do visado e, se for o caso, do xustificante de ter solicitado a correspondente tarxeta ou o xustificante de ter solicitado a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non ter solicitado estes documentos, deberán presentar a acreditación das autoridades competentes do vínculo (os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco), e unha declaración xurada ou promesa da persoa española, da nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea (e da nacional dalgún estado dos demais estados membros da Unión Europea) e da nacional dalgún Estado á que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, coa que existe este vínculo, de que non está separada de dereito da/ do súa/seu cónxuxe e, se for o caso, do feito da persoa aspirante vivir ás súas expensas ou estar ao seu cargo.

b) Fotocopia simple da titulación esixida para o posto ao que aspira.

c) Os aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que soliciten a adaptación de tempo e/ou medios deberán achegar fotocopia do certificado de minusvalía emitido polo Órgano Técnico de Valoración que ditaminou o grao de minusvalía, con expresa mención da minusvalía recoñecida. Así mesmo, deberán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria, todo isto conforme ao contido na Lei 13/1982, do 7 de abril e na Lei 51/2003, de 2 de decembro de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal de persoas con discapacidade e o RD 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

d) Fotocopia simple de estar en posesión do certificado de iniciación ou perfeccionamento, no seu caso, de galego ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para os efectos da exención prevista no primeiro exercicio.

e) Xustificante de ter aboadas as taxas administrativas establecidas polo Consorcio con carácter xeral para a inscrición nas convocatorias para a selección do persoal do Consorcio, que para o ano 2008 ascenden á contía de:

- Mestres/as: 34,39 €
- Educador/a infantil: 29,96 €
- PSX: 24,41 €.

Estarán exentos do pagamento destas taxas os que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, así como as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial; no caso de membros de categoría xeral, terán unha bonificación do 50%. Estas circunstancias deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa instancia.



A presentación do xustificante de ingreso das taxas en que non figure o selo da entidade bancaria coa indicación da data, determinará a exclusión do solicitante.

I.3.2. As solicitudes presentaranse no Rexistro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (rúa Amor Ruibal, 30 – 32, baixo, 15702 Santiago de Compostela) ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de presentaren a solicitude nun lugar distinto do Rexistro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, prégase as/aos interesadas/os a remisión por fax dunha copia da instancia ao número 981 938 502 ou ben ao enderezo electrónico fax.consorcio@igualdadebenestar.org, nos seguintes sete días ao día da súa presentación.

O prazo de presentación de solicitudes é de vinte días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

I.3.3. As persoas candidatas quedan vinculadas aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación antes de que expire o prazo para a presentación de instancias. Transcorrido este prazo, non se admitirá ningunha petición desta natureza.

I.4. Admisión de aspirantes

I.4.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, a xerencia do Consorcio ditará resolución, que se publicará nos termos previstos na base I.5, na que se declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, así como as causas da súa exclusión. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, o nome e o número do documento nacional de identidade de cada aspirante.

I.4.2. As/os aspirantes excluídas/os disporán dun prazo de cinco días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do Consorcio e na súa páxina web, para poderen emendar, se for o caso, o defecto que motivase a exclusión.

Unha vez transcorrido o prazo, a xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ditará resolución definitiva, contra a que se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ao abeiro do previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo. Todo iso sen prexuízo de que se utilice calquera outro recurso que se estime máis conveniente.

I.4.3. O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante esta orde. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivarse da súa participación neste procedemento.



I.4.4. As reclamacións e alegacións que formularen as persoas aspirantes unha vez iniciado o proceso selectivo poderán presentarse en calquera rexistro nos termos do artigo 38.4 da Lei 30/1992, reguladora das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de presentaren a solicitude nun lugar distinto do Rexistro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, as persoas solicitantes deberán remitir por fax (nº 981 938 502) ao Consorcio unha copia do escrito presentado, o mesmo día da súa presentación.

I.5 Publicación das actuacións

Unha vez publicada a convocatoria das probas, os restantes anuncios que afecten ao proceso selectivo serán publicados no taboleiro de anuncios do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar e na súa páxina web e, no seu caso, no lugar de celebración das probas.

De ser o caso, os prazos correspondentes computaranse dende o día seguinte ao da publicación da actuación no taboleiro de anuncios do Consorcio.

I.6 Prazos das actuacións

As actuacións previstas nas presentes bases tramitaranse consonte o previsto no artigo 50 da Lei 30/ 1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

II. Proceso selectivo

O sistema de selección é o de concurso oposición e o temario que rexerá as probas selectivas é o que figura como anexo II destas bases.

II.1.Fase de oposición:

EXERCICIO 1º: Aquelas persoas que non puideren acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado do curso de iniciación ou de perfeccionamento de lingua galega ou equivalente segundo o disposto no anexo I deberán realizar unha proba escrita consistente na tradución dun texto en castelán ao galego, designado previamente pola Comisión. Esta proba terá unha duración máxima de 30 minutos.

Este exercicio, de carácter eliminatorio, valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo á Comisión determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o mesmo.

EXERCICIO 2º: de carácter eliminatorio.

Constará de dúas probas que se desenvolverán do seguinte xeito:

PROBA A: Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test, con catro respostas alternativas das que só unha delas será a correcta. O tempo máximo de duración será de sesenta (60) minutos.



PROBA B: Desenvolvemento, por escrito, dun suposto práctico, elixido pola opositora/opositor de entre tres propostos polo tribunal, que se valorará de 0 a 10 puntos. O tempo máximo será de 90 minutos. Neste exercicio, ademais dos coñecementos teóricos, valorarase a capacidade para desenvolver o traballo a realizar.

Para superar este 2º exercicio , terase que acadar unha puntuación mínima de 10 puntos , non sendo eliminatorias as probas descritas por separado. Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar a puntuación mínima.

II.2. Fase de concurso

Finalizada na súa totalidade a fase de oposición, a Comisión de Valoración publicará nos lugares sinalados no apartado I.4 destas bases, a resolución pola que se declarará finalizada a fase de oposición e abrirá un prazo de 10 ñ hábiles a contar desde o día seguinte ao da súa publicación para que as persoas aspirantes que superaran a fase de oposición acheguen a documentación acreditativa dos méritos que aleguen. Esta documentación deberá presentarse xunto cunha instancia que deberá conter, cando menos, os datos que figuren no anexo III destas bases. Se a persoa aspirante non achegase calquera tipo de mérito a Comisión de Valoración, de oficio, outorgaralle 0 puntos na fase de concurso.

Os méritos da fase de concurso enténdense referidos ao día de finalización do prazo para a presentación de instancias para tomar parte na fase de oposición.

A Comisión poderá requirir de oficio aos aspirantes a documentación complementaria precisa co fin de asegurar a máxima obxectividade na adxudicación de puntuación na fase de concurso.

Baremo de méritos:

II.2.1. Experiencia profesional:

- a)** Por servizos prestados na mesma categoría profesional á do posto ao que se opta nunha galescola, no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: 0,8 puntos mes.
- b)** Por servizos prestados noutro posto educativo nunha galescola, no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: 0,3 puntos mes.
- c)** Por servizos prestados na mesma categoría profesional á do posto ao que se opta, nunha escola infantil de primeiro ciclo noutra administración pública: 0,1 puntos mes.

A valoración máxima da experiencia profesional será de 10 puntos.



No caso de servizos prestados nas administracións públicas a experiencia profesional deberase acreditar mediante certificación do secretario municipal ou da persoa responsable correspondente da área ou departamento de persoal. Xunto coa certificación achegarase un informe no que se describan as funcións desempeñadas no/s período/s contratados.

Non se terá en conta nin se valorará aquela experiencia profesional que non se axuste ao disposto neste apartado.

Na instancia que se presente deberán vir debidamente relacionados os períodos de contratación, sinalando de xeito claro as datas de inicio e de remate dos contratos, así como as tarefas desenvolvidas, todo isto independentemente da forma documental que se indica neste apartado II.2.1.

II.2.2. Formación profesional e actividades formativas desenvolvidas:

a) Por cursos e xornadas de Educación infantil de primeiro ciclo organizados polo Consorcio e actividade formativa de Educación infantil de 1º ciclo certificada polo Consorcio: 0,4 puntos por cada 10 horas.

b) Por cada curso en educación infantil de 1º ciclo, directamente relacionado coas funcións propias do posto ao que se opta, organizado pola administración autonómica ou administracións locais: 0,15 puntos por cada 10 horas.

A valoración máxima da formación profesional e actividades formativas desenvolvidas será de 3 puntos.

II.2.3. A puntuación da fase de concurso non poderá superar os 13 puntos.

Realizada pola Comisión a baremación correspondente, publicarase a resolución na que se indicará a puntuación obtida por cada aspirante na fase de concurso.

Contra a baremación os/as aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante a propia Comisión de Valoración no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderase implícita na resolución pola que se publiquen as puntuacións definitivas da fase de concurso.

II.3. Desenvolvemento dos exercicios

II.3.1. A proba A do segundo exercicio poderá desenvolverse en galego ou en castelán. A proba B do segundo exercicio desenvolverase exclusivamente en galego.



II.3.2. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas pola Comisión correspondente coa finalidade de acreditar a súa identidade.

II.3.3. As/os aspirantes serán convocadas/os para cada exercicio en único chamamento, e será excluída a persoa que non compareza.

II.3.4. En calquera momento do proceso selectivo, se a Comisión tivera coñecemento de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos por esta convocatoria, logo da audiencia da persoa interesada, deberá acordar a súa exclusión, se proceder.

II.3.5. O lugar de realización das probas anunciarase, unha vez publicada a listaxe de persoas admitidas, nos lugares sinalados no apartado I.4. destas bases.

III. Comisión de valoración

A Comisión integrarase por un número impar de membros designados pola xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Os membros da Comisión terán a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das Administracións públicas, en praza ou categoría para a que se esixa posuír titulación de nivel académico igual ou superior á esixida para o ingreso.

Todas as persoas compoñentes da Comisión de valoración terán voz e voto.

As persoas membros das comisións de valoración publicaranse no taboleiro de anuncios do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (rúa Amor Ruibal, 30 - 32, baixo, 15702 Santiago de Compostela) e na súa páxina web (<http://www.igualdadebenestar.org>), antes do inicio das probas.

Para a válida actuación da Comisión será precisa a presenza da maioría dos seus membros.

A Comisión está facultada para interpretar as presentes bases, resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa marcha das probas, en todo o non previsto nas mesmas.

As persoas integrantes da Comisión, deberán absterse de intervir no proceso selectivo cando se atopen incursos nalgunha das circunstancias previstas no artigo 28.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, aquelas nas que conorra algunha causa de abstención, porano en coñecemento da Presidencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o cal resolverá o que proceda.

As persoas interesadas no procedemento selectivo poderán promover a recusación dos/as integrantes da Comisión de conformidade co previsto no artigo 29



da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar publicará no seu taboleiro de anuncios e na súa páxina web (<http://www.igualdadebenestar.org>) a resolución pola que se nomeen os novos membros da comisión de valoración, que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas no artigo 28.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As comisións de valoración poderán propoñer ao órgano convocante a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas ou de apoio que consideren oportunos, para todas ou algunhas das probas. Ditos/as asesores colaborarán có órgano de elección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, actuando con voz pero sen voto.

IV. Listaxe de persoas aprobadas e nomeamento

IV.1. Rematada a fase de concurso, o/a presidente/a da comisión de valoración fará pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación acadada, con indicación do seu documento nacional de identidade, e elevará dita relación á xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para que dite a resolución de nomeamento.

Enténdese que superaron o proceso selectivo, as persoas aspirantes que obteñan unha maior puntuación unha vez sumadas as puntuacións da fase de oposición e do concurso. En caso de empate, haberá que incluír na listaxe á persoa aspirante que obtivo maior puntuación no segundo exercicio da fase de oposición. De continuar o empate terá preferencia a persoa con mellor nota na fase de concurso. De continuar o empate, convocarase aos candidatos con igual puntuación a unha nova proba escrita para determinar o resultado final da selección.

IV.2 Non poderán superar o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante, sempre que a comisión de valoración propuxera o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento, o órgano convocante poderá requirir relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como persoal laboral fixo, de conformidade co previsto no artigo 61.8 do Estatuto Básico do Emprego Público.

IV.3 A partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e na súa páxina web da relación de aprobados/as, os aspirantes disporán dun prazo de vinte días naturais para a presentación dos seguintes documentos:

- A. Fotocopia compulsada do título esixido na base I.3, ou certificación académica que acredite ter realizados todos os estudos para a obtención do título ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- B. Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente



disciplinario, nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española, deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública.

C. Certificado médico oficial.

D. Os aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% que superaren o proceso selectivo deberán, ademais, acreditar tal condición, mediante certificación dos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e, de ser o caso, da Administración correspondente.

Así mesmo, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar requirirá, respecto das persoas que accedan por esta cota de reserva, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade co desempeño das correspondentes funcións.

IV.4. Os que dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2., non poderán ser nomeados persoal laboral fixo, e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

IV.5. Presentada a documentación anterior as persoas aspirantes seleccionadas asinarán co Consorcio Galego do Servizo de Igualdade e Benestar os correspondentes contratos, de acordo co previsto no anexo I destas bases.

IV.6. Establécese un período de proba de dous meses para o persoal de servizos xerais e de seis meses para os/as educadores/as e os/as mestres/as.

V. Listaxe de agarda

As persoas que, tendo superado o segundo exercicio da fase de oposición, non superen o proceso selectivo conforme ao previsto no parágrafo segundo da base IV punto 1, integrarán unha listaxe de agarda coa finalidade de seren chamadas/os para a cobertura temporal de postos de traballo do Consorcio de similares características aos convocados.

A listaxe de agarda será individual por cada galescola . Non obstante, cando nunha galescola non exista esta listaxe de agarda ou ben se esgote a listaxe existente, poderá recorrerse, por razóns de urxencia e necesidade de cobertura da súa relación de postos de traballo, á listaxe de agarda para a cobertura de postos de traballo do Consorcio con carácter temporal.

A orde en que figurarán as/os candidatas/os na listaxe de agarda virá determinada pola puntuación obtida por estas/es no conxunto do proceso selectivo, ordenada de maior a menor puntuación.



A listaxe de agarda, así como o réxime da súa xestión, que será aprobada polo Consorcio, será publicada na páxina web e no propio taboleiro de anuncios do Consorcio.

VI. Norma derradeira

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo o artigo 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo, a Administración poderá, se for o caso, proceder á revisión das resolucións da Comisión conforme o previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2009

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Lois Pérez Castrillo

(P.D. do Comité Directivo do 9/12/2008)



ANEXO I. DESCRICIÓN DAS FUNCIÓNS DOS POSTOS

DENOMINACIÓN DO POSTO	Mestre/a
TITULACIÓN REQUIRIDA	Diplomada/o en Maxisterio, especialidade en educación infantil, ou Diplomado en EXB, especialidade Preescolar ou habilitación
COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	Certificado de perfeccionamento en lingua galega ou Celga 4
MODALIDADE CONTRACTUAL	Laboral fixo
FUNCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinar e animar a acción educativa • Elaborar e actualizar, xunto coa dirección, o proxecto educativo e as propostas pedagóxicas do centro • Fixar os criterios para o seguimento e avaliación destes documentos • Realizar as funcións educativas contempladas na lexislación vixente para o ciclo educativo, no referente ao desenvolvemento das nenas e nenos, preparación e deseño de propostas pedagóxicas, coordinación coas familias, hixiene, alimentación e sono das nenas e nenos, organización dos espazos e materiais pedagóxicos, etc. • Establecer criterios xerais aos que deben adaptarse as intervencións educativas de cada un dos grupos de idade • Participar nas actividades de formación permanente e na súa avaliación • Prestar especial atención ao Período de adaptación • Avaliar o funcionamento e organización da escola e propoñer iniciativas para a mellora do seu funcionamento ante a dirección da mesma • Calquera outra, correspondente á súa categoría e necesaria para o correcto funcionamento do centro



DENOMINACIÓN DO POSTO	Educador/a Infantil
TITULACIÓN REQUIRIDA	Técnico/a superior en Educación Infantil ou Técnico/a especialista en Xardín de infancia ou Diplomatura en Maxisterio, especialidade Educación infantil ou Diplomatura en EXB, especialidade preescolar ou habilitación
COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	Certificado de perfeccionamento en lingua galega ou Celga 4
MODALIDADE CONTRACTUAL	Laboral fixo
FUNCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Colaborar coa dirección na elaboración e actualización do proxecto educativo e das propostas pedagóxicas do centro • Fixar os criterios para o seguimento e avaliación destes documentos • Realizar as funcións educativas contempladas na lexislación vixente para o ciclo educativo, no referente ao desenvolvemento das nenas e nenos, preparación e deseño de propostas pedagóxicas, coordinación coas familias, hixiene, alimentación e sono das nenas e nenos, organización dos espazos e materiais pedagóxicos, etc. • Establecer criterios xerais aos que deben adaptarse as intervencións educativas de cada un dos grupos de idade • Participar nas actividades de formación permanente e na súa avaliación • Prestar especial atención ao Período de adaptación • Avaliar o funcionamento e organización da escola e propoñer iniciativas para a mellora do seu funcionamento ante a dirección da mesma • Calquera outra, correspondente á súa categoría e necesaria para o correcto funcionamento do centro



DENOMINACIÓN DO POSTO	Persoal Servizos Xerais
TITULACIÓN REQUIRIDA	Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente
COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	Certificado de iniciación á lingua galega ou equivalente
MODALIDADE CONTRACTUAL	Laboral fixo
FUNCIÓNS	<ul style="list-style-type: none">• Realizar tarefas de orde, limpeza e mantemento das instalacións e materiais encomendados.• Asistir ao persoal docente do centro nas súas actividades ordinarias e en todo o que sexa necesario para o correcto funcionamento deste.• Realizar tarefas de apoio administrativo que lle foren requiridas pola dirección da galescola.• Realizar tarefas de atención da portaría.• Calquera outra, correspondente á súa categoría e necesaria para o correcto funcionamento do centro



ANEXO II TEMARIO QUE REXERÁ AS PROBAS SELECTIVAS

PARTE COMÚN

1. A Constitución Española: Principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. A Administración Pública galega. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. A lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres e a Lei 2/2007, do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
3. O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Os seus Estatutos. O Regulamento de Réxime interior das Galescolas. A Lei galega de Servizos sociais.



PROGRAMA N.º 1. Persoal de Servizos Xerais

TEMA 1. Aparellos e instrumentos de limpeza.

TEMA 2. Produtos e técnicas de limpeza.

TEMA 3. A área de cociña e a súa limpeza.

TEMA 4. Normativas sanitarias de aplicación nas cociñas colectivas.

TEMA 5. O servizo de comedor.

TEMA 6. O coidado da roupa: o lavado da roupa. A pasada do ferro da roupa.

TEMA 7. A alimentación, a nutrición e a dietética: a alimentación equilibrada. Planificación de menús.

TEMA 8: Saúde infantil: hixiene, accidentes na infancia. Prevención.



PROGRAMA Nº 2. EDUCADORES/AS INFANTÍS.

TEMA 1. Papel, funcións e tarefas do/a educador/a infantil.

TEMA 2. A organización do espazo, os materiais e o tempo como recursos didácticos.

Características especiais da escola infantil. A distribución do tempo.

TEMA 3. O ingreso da/o nena/o no centro infantil. O período de adaptación. O papel da persoa adulta no proceso de adaptación ao centro infantil.

TEMA 4. Saúde infantil: crecemento e desenvolvemento infantil. 1º ano de vida. 2º ano de vida.

TEMA 5. Saúde infantil: prevención das enfermidades infecciosas. Enfermidades transmisibles. Enfermidades frecuentes na etapa de 0 a 3 anos.

TEMA 6 . Saúde infantil: hixiene. Adquisición de hábitos de limpeza e hixiene na etapa de 0 a 3 anos.

TEMA 7. Saúde infantil: alimentación e nutrición. Trastornos na comida.

TEMA 8. Saúde infantil: accidentes na infancia e a súa prevención.

TEMA 9. Saúde infantil: o descanso dos nenos de 0 a 3 anos. Ritmos dos sono.

TEMA 10. Educación infantil: Deseño e animación de experiencias educativas.

TEMA 11. Educación infantil: o xogo e a súa metodoloxía.

TEMA 12. Educación infantil: psicoloxía evolutiva de 0 a 3 anos.

TEMA 13. Educación infantil: desenvolvemento cognitivo e motor.

TEMA 14. Educación infantil: expresión e linguaxe.

TEMA 15. Educación infantil: desenvolvemento emocional e social.

TEMA 16. Temas transversais na educación infantil: resolución pacífica de conflitos, etc.

TEMA 17. A educación para a igualdade como elemento transversal nas estratexias educativas.



TEMA 18. O papel da familia no desenvolvemento da infancia e pautas para unha adecuada relación familia-escola.

TEMA 19. A situación sociolingüística: definición e descrición. Papel dinamizador da escola.

TEMA 20. A lexislación lingüística no ensino infantil: a Lei de normalización lingüística e o Decreto 329, do 28 de xullo de 2005, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. O Plan xeral de normalización da lingua galega referente ao ensino.

TEMA 21. Métodos e recursos para a dinamización educativa, de aprendizaxe, lingüística, musical, cultural, de xénero, etc.

TEMA 22. A normalización lingüística como elemento transversal nas estratexias educativas.

TEMA 23. A educación infantil no marco da LOE.

TEMA 24. O labor titorial e a comunicación ás familias.



PROGRAMA N.º 3. Mestras/es

TEMA 1 . Características xerais da infancia ata os 3 anos. Principais factores que interveñen no seu desenvolvemento. Etapas e momentos máis significativos. O desenvolvemento infantil no primeiro ano de vida.

TEMA 2. O desenvolvemento psicomotor nos nenos e nas nenas ata os 3 anos. A psicomotricidade no currículo da educación infantil.

TEMA 3. O desenvolvemento da personalidade. O desenvolvemento afectivo nos nenos e nas nenas de cero a tres anos.

TEMA 4. O neno descobre os outros nenos. Proceso de descubrimento de vinculación e aceptación. A escola como institución socializadora.

TEMA 5. O desenvolvemento cognitivo ata os 3 anos. O coñecemento da realidade. A observación e a exploración do mundo físico, natural e social.

TEMA 6. A familia como primeiro axente de socialización. Relacións da escola infantil coas familias dos/as escolares e a comunidade.

TEMA 7. Educación para a saúde. Actitudes e hábitos referidos ao descanso. Hixiene e actividade infantil. Prevención de accidentes, primeiros auxilios e enfermidades infantís. Criterios para a intervención.

TEMA 8. A educación afectivo-sexual na etapa infantil. Descubrimento e identificación co propio sexo. A construción dos roles masculino e feminino. Estratexias educativas para evitar a discriminación de xénero.

TEMA 9. Principio de intervención educativa de educación infantil. O enfoque globalizador. Sentido e significado da aprendizaxe. Unha metodoloxía baseada na observación e na experimentación. A concreción no marco do proxecto curricular.

TEMA 10. A programación no primeiro ciclo de educación infantil. Sentido e significado da aprendizaxe. Unha metodoloxía baseada na observación na experimentación.

TEMA 11. A programación no primeiro ciclo de educación infantil. Obxectivos, contidos e propostas metodolóxicas máis adecuadas para este ciclo.

TEMA 12. A función do mestre e a mestra en educación infantil. A intencionalidade educativa. Relacións interactivas entre o/a neno/a e o/a educador/a.



TEMA 13. A organización dos espazos e do tempo. Criterios para unha adecuada distribución e organización espacial e temporal. Ritmos e rutinas cotiás. A avaliación dos espazos e do tempo.

TEMA 14. O desenvolvemento da linguaxe. Linguaxe e pensamento. Evolución da comprensión e da expresión. A comunicación non verbal. Problemas máis frecuentes na linguaxe infantil.

TEMA 15. O ensino e a aprendizaxe da lingua na educación infantil. Técnicas e recursos para a comprensión e a expresión oral.

TEMA 16. A literatura infantil. O conto: o seu valor educativo. A poesía na educación dos nenos e das nenas. Criterios para a selección e emprego destes recursos.

TEMA 17. A situación sociolingüística: definición e descrición. Papel dinamizador da escola.

TEMA 18. A lexislación lingüística no ensino infantil: a Lei de normalización lingüística e o Decreto 329, do 28 de xullo de 2005, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. O Plan xeral de normalización da lingua galega no referente ao ensino. A normalización lingüística como elemento transversal nas estratexias educativas.

TEMA 19. Métodos e recursos para a dinamización educativa, de aprendizaxe, lingüística, musical, cultural, etc.

TEMA 20. A educación musical en educación infantil. O descubrimento do son e do silencio. Características e criterios de selección as actividades musicais. Os recursos didácticos. A tradición musical propia e doutras culturas.

TEMA 21. Evolución da expresión plástica nos nenos e nas nenas. Elementos básicos da linguaxe plástica. Obxectivos, contidos, materiais, actividades, estratexias metodolóxicas e de avaliación da expresión plástica.

TEMA 22. A expresión corporal. O xesto e o movemento. A expresión corporal como axuda na construción da identidade e da autonomía persoal. Xogo simbólico e xogo dramático. As actividades dramáticas axeitadas á infancia de 0 a 3 anos.

TEMA 23. Formación de capacidades relacionadas co desenvolvemento lóxicomatemático. Recursos didácticos e actividades adecuadas á etapa de educación infantil.

TEMA 24. A avaliación, funcións, estratexias e recursos para levala a cabo. O labor titorial e a comunicación ás familias.

TEMA 25. A educación infantil no marco da LOE.



ANEXO III MODELO DE INSTANCIA

(Cubrir un modelo por cada unha dos postos aos que se presente a/o candidata/o)

No suposto en que un/a aspirante incumprise as regras previstas no citado modelo e, se así se detectase a través dos mecanismos de control, excluírase inmediatamente de calquera listado dos solicitados.

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso selectivo do posto de _____ (1), da Galescola de _____ a que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral fixo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e as especialmente sinaladas na convocatoria.

(1) Consonte a titulación que se posúa

DATOS PERSOAIS

DNI:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DATA DE NACEMENTO:

TELÉFONO DE CONTACTO/TELÉFONO MÓBIL:

DOMICILIO:

Rúa ou praza / Número:

Código postal:

CONCELLO:

PROVINCIA:

NACIONALIDADE:

NECESITA ADAPTACIÓN DE TEMPOS E/OU MEDIOS PARA A

REALIZACIÓN DAS PROBAS: SI NON

ESPECIFICAR OS MEDIOS DE ADAPTACIÓN _____

TÍTULO ACADÉMICO REQUIRIDO PARA O POSTO

Nome:

Nome do centro e localidade:

Ano de expedición:

CURSOS REALIZADOS QUE ACREDITEN O COÑECIMENTO DA LINGUA GALEGA

Nome:

Nome do centro e localidade:

Ano de expedición:



**EXPERIENCIA PROFESIONAL EN POSTOS DE SIMILARES
CARACTERÍSTICAS E FUNCIÓNS AO POSTO QUE SE OPTA**

ENTIDADE	DURACIÓN (meses)	TAREFAS E FUNCIÓNS REALIZADAS

**FORMACIÓN PROFESIONAL E ACTIVIDADES FORMATIVAS
DESENVOLVIDAS**

NOME DO CURSO OU ACTIVIDADE FORMATIVA	DURACIÓN (horas)	ENTIDADE ORGANIZADORA

Santiago de Compostela, de de 2009

(SINATURA)

* De ser necesario, achegaranse copias desta páxina para relacionar a experiencia profesional e a formación profesional e actividades formativas desenvolvidas.



A instancia acompañase de:

- Exemplar de autoliquidación de taxas destinado ao Consorcio cumprimentado pola entidade bancaria (Anexo IV).
- Fotocopia do certificado de minusvalía emitido polo Órgano Técnico de Valoración que ditaminou o grao de minusvalía ou certificación acreditativa de ser membro de familia numerosa de categoría especial, no caso de gozar da exención de taxas.
- Certificación acreditativa de ser membro de familia numerosa de categoría xeral no caso de gozar da bonificación do 50%.
- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou documento que legalmente ou substitúa (ou carta identificativa e permiso de traballo e residencia no suposto de cidadáns fóra da UE).
- Fotocopia da titulación esixida para o posto que aspira.
- Fotocopia do título do curso de iniciación ou perfeccionamento de galego ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

A documentación acreditativa da experiencia profesional e das actividades formativas deberá presentarse, unha vez finalizada a fase de oposición, polas persoas aspirantes que superen a mesma, consonte o previsto no apartado II.2. das presentes bases.

De conformidade co establecido na LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL (LOPD), infórmase ao interesado/a que os datos facilitados neste formulario incorporaranse ao ficheiro automatizado do que é titular o **Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Social**, denominado ficheiro de "**candidatos de emprego**", con enderezo en rúa Amor Ruibal, 30 - 32, baixo, 15702, Santiago de Compostela. Vostede poderá exercer, en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola Lei. Ao asinar este formulario vostede autoriza expresamente a utilización dos seus datos persoais en tódalas actividades relacionadas co proceso de selección para o ingreso como persoal laboral temporal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar



**CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS
DE IGUALDADE E BENESTAR
ANEXO IV**

AUTOLIQUIDACIÓN

C O D I G O S	Taxa: INSCRICIÓN EN PROCESO SELECTIVO
--	---------------------------------------

S U X E I T O P A S I V O	NIF	APELIDOS E NOME				
	VÍA PÚBLICA	NÚMERO	ESCAL.	PISO	PORTA	TELÉFONO
	CONCELLO	PROVINCIA			CÓDIGO POSTAL	

L I Q U I D A C I O N	BASE CÍLCULO OU BASE IMPOÑIBLE OU UNIDADES	TIPO OU TARIFA	IMPORTE A INGRESAR
	<i>INSCRICIÓN NA CONVOCATORIA PARA SELECCIÓN DE PERSOAL DOS CENTROS DE DÍA / RESIDENCIAS</i>	TAXA	
	TOTAL		

, de de 2008
Sinatura do declarante

Selo	Data	Número
------	------	--------

IMPORTANTE: O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais da Caixa Galicia, conta nº: 2091-0376-20-3040012345